



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 14 DE XULLO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00033472L.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2.- PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DO ANO 2021 DO CONCELLO NO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DO PLAN ESTATAL DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL 2018-2021.

Acórdase, co obxecto de dar cumprimento ao punto 4 do artigo décimo da RESOLUCIÓN do IGVS do 3 de xuño de 2021 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, aprobar as solicitudes de financiamento e número de actuacións de cada un dos conceptos establecidos formalizadas nos seguintes cadros correspondentes a cada un dos ámbitos declarados Área de rehabilitación integral en Santiago de Compostela:

CASCO HISTÓRICO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA							18ª
ACTUACIÓN	CUSTO ACTUACIÓN	Nº ACTUACIÓN	ACHEGAS				PROMOTOR/ PRIVADOS
			MINISTERIO	CCAA	CONCELLO	OUTRAS ADMÓNS	
REHABILITACIÓN	400.000,00	80	160.000,00	40.000,00			200.000,00
EDIFICACIÓN	540.000,00	6	180.000,00	24.000,00	336.000,00		
URBANIZACIÓN							
EQUIPO TÈC. XESTIÓN	276.165,86	86	86.000,00	129.000,00	61.165,86		
REALOXOS TEMPORAIS							
TOTAL	1.216.165,86		426.000,00	193.000,00	397.165,86		200.000,00
% PARTICIPACIÓN	35,03%	15,87%	32,66%		16,45%		

GRUPO DE VIVENDAS COMPOSTELA E QUIROGA PALACIOS

8ª

ACTUACIÓN	CUSTO ACTUACIÓN	Nº ACTUACIONES	ACHEGAS				
			MINISTERIO	CCAA	CONCELLO	OUTRAS ADMÓNS	PROMOTOR/ PRIVADOS
REHABILITACIÓN	1.260.000,00	70	504.000,00	126.000,00			630.000,00
EDIFICACIÓN							
URBANIZACIÓN							
EQUIPO TÉCN. XESTIÓN	248.399,03	70	70.000,00	105.000,00	73.399,03		
REALOXOS TEMPORAIS							
TOTAL	1.508.399,03		574.000,00	231.000,00	73.399,03		630.000,00
% PARTICIPACIÓN	38,05%	15,31%	4,87%		41,77%		

BARRIO DE VITE

4ª

ACTUACIÓN	CUSTO ACTUACIÓN	Nº ACTUACIONES	ACHEGAS				
			MINISTERIO	CCAA	CONCELLO	OUTRAS ADMÓNS	PROMOTOR/ PRIVADOS
REHABILITACIÓN	1.792.000,00	128	716.800,00	179.200,00			896.000,00
EDIFICACIÓN							
URBANIZACIÓN							
EQUIPO TÉCN. XESTIÓN	430.098,54	128	128.000,00	192.000,00	110.098,54		
REALOXOS TEMPORAIS							
TOTAL	2.222.098,54		844.800,00	371.200,00	110.098,54		896.000,00
% PARTICIPACIÓN			38,02%	16,70%	4,95%		40,32%

No resume do totalidade dos acordos bilaterais propostos polo Concello, recóllense dúas aportacións municipais, unha para actuacións de nova edificación de 336.000,00 € e outra de equipo técnico e de xestión de 244.663,42 €. O importe total da aportación ascende a 580.663,4 euros.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00030532T.

Estrutura de custos do servizo de xestión do servizo de auga potable e saneamento de augas residuais do termo municipal de Santiago de Compostela -ciclo integral da auga (CON/51/2019).

Propónse:

- 1.- Someter a información pública a proposta de estrutura de custos do servizo de xestión do servizo de auga potable e saneamento de augas residuais do termo municipal de Santiago de Compostela -ciclo integral da auga (CON/51/2019)
- 2.- Publicar a dita estrutura de custos no Boletín Oficial da Provincia da Coruña por un prazo de 20 días hábiles.
- 3.- Enviar á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Xunta de Galicia a estrutura de custos do servizo de xestión do servizo de auga potable e saneamento de augas residuais do termo municipal de Santiago de Compostela -ciclo integral da auga - se transcorrido o devandito prazo non se recibisen alegacións ao respecto.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024531W.

Adxudicación do contrato denominado "Execución do proxecto de urbanización da unidade de actuación nº 11 do PERI Fontiñas-Cotaredo-San Lázaro (Urbanización da ZL-75)".

Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, por un importe de **143.105,97 euros** (118.269,40 euros + IVE aparte 21%: 24.836,57 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete un prazo final de execución de 2,5 meses, unha ampliación do prazo de garantía das obras de 5 anos e un incremento do 2% do orzamento de control de calidade e do 2% no programa de actuación ambiental.

O gasto necesario para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 040 15321 6090001 2020 4 RTLOU 62 2.

5. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00018415G.

Aprobación da modificación da base 8ª da convocatoria do III Premio Realía de tradución literaria. Ano 2021.

Acórdase aprobar a modificación da base 8ª da convocatoria do III Premio Realía de tradución literaria que queda como segue:

8ª. O prazo de presentación de orixinais é de 1 mes contado a partir do día seguinte da publicación das bases no Boletín Oficial da provincia de A Coruña.

6. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00021658G.

Aprobación da modificación das Bases da convocatoria do Premio Exeria de proxectos de creación literaria. Ano 2021.

Acórdase aprobar a modificación da base 4ª da convocatoria do Premio Exeria de proxectos de creación literaria que queda como segue:

4ª. O prazo de presentación de solicitudes é de 15 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024116R.

Adxudicación do contrato denominado "Execución do proxecto de "Reforma dos aseos públicos existentes na rúa Trindade e no Parque da Alameda", a favor da empresa OBRAS GALLAECIA SL.

Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa OBRAS GALLAECIA SL, por un importe de 133.959,83 euros (110.710,60 euros +IVE aparte 21%: 23.249,23 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía das obras de 5 anos e un incremento do 2% do orzamento de control de calidade e do 2% no programa de actuación ambiental.

O gasto necesario para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 040 33600 6320002 / 2020 4 RLTOU 62 7.